


# SOPHIE CALLE

diario  
dunha  
espía



Via Tate.org.uk

*Sophie Calle (1953) é unha artista contemporánea francesa a que lle gusta recopilar historias, as súas e as dxs demais. As súas obras son unha colección de escritos e imaxes da súa vida pero tamén da vida doutras persoas, a veces de descoñecidxs que pasan pola rúa e outra de personaxes que non existen nada máis que na súa imaxinación. Así, como unha especie de espía observa o que acontece ao seu redor, prestando atención aos obxectos e as persoas cos que constrúe contos do día a día.*

## UN DIARIO ESPÍA

*Actividade para minipementiñxs*

- *MATERIAIS: Papel, lápis ou rotus.*
- *Recopila cousas que podería empregar unhx espía: unha lanterna, unha lupa, un móbil para facer fotos...*

Moitas veces Sophie para coñecer as historias dxs demais ten que converterse nunha especie detective para ver sen ser vista. Para xs espías é moi importante estar ben esperto

## DE QUE FALAN OS OBXECTOS?

*Actividade para pementiñxs*

- *MATERIAIS: Papel, lápis ou rotus.*
- *Neste caso imos facer unha recolección dos nosos obxectos.*
- *Un móbil para facer fotos.*

Os obxectos fálanos das persoas. Pénsao ben. Se abrimos o armario da ávoa non atoparemos o mesmo que se abrimos o teu. A través dos obxectos podemos saber os gustos dos demais e como é a súa vida, en que traballan, se teñen mascotas...

**1.** Pensa que obxectos poden falar de ti, cousas relacionadas cos teus gustos, cousas que che fagan diferente axs demais, cousas que che recordan a algún momento importante ou algunha persoa que queres...

## DE QUE FALAN AS NOTICIAS?

*Actividade para facer en familia*

- *MATERIAIS: Papel, lápis ou rotus, un periódico vello, tesoiras e pegamento.*

**1.** Colle o periódico vello e busca a imaxe dunha persoa e recórtaa. Logo busca imaxes de diferentes lugares para recortalas tamén.

**2.** Coloca todas as imaxes na mesa, Agora cada unx de vós ten que imaxinar de forma individual (e sen mirar o que fan os demais) quen pode ser esa personaxe, que características ten, a que se dedica...

**3.** Agora imaxínade que eses lugares son os lugares onde estivo esa personaxe. Por que estaba alí?, que foi facer?, a quen se puido atopar alí?

e prestar atención aos indicios. Que son os indicios? Son probas de que aconteceu algo. Por exemplo, unha cama desfeita é unha proba de que alguén botou unha soneca aínda que xa non vexamos a persoa, ou unha cheminea que bota fume é un indicio de que alguén prendeu o lume aínda que non vexamos o lume.

-----

Nós tamén podemos converternos en detectives e buscar indicios na nosa casa:

- unhas faragullas tiradas na cociña. Quen puido ser?, que comeu?, a que hora sería?
- unhas pingas no lavabo. Quen foi?, lavaría os dentes ou as mans?

Busca a ver cantos indicios atopas! Seguro que na casa hai moitos agochados!

**2.** Coloca os obxectos sobre a cama ou no chan. Colle anacos de folios e escribe porque é importante ese obxecto para ti.

**3.** Fotografía cada un deles co seu texto.

Acabas de facer o teu propio museo!

**4.** Como espías, ide anotando nunha libreta ou folios todos os detalles.

**5.** Coas mesmas imaxes e sen ver as historias dos demais, o resto da familia pode escribir a súa propia visión dos acontecementos. Unha vez rematades podeades poñer o voso traballo en común.

Escribíchedes a mesma historia? tedes algún dato semellante? Probablemente, a pesar de ter as mesmas imaxes fixéchedes versións diferentes do que aconteceu.

O mesmo pasa coas obras de arte, cando vemos un cadro non a todxs nos produce a mesma sensación ou nos recorda ao mesmo. Hai tantos xeitos de mirar coma persoas no mundo!



Via Tate.org.uk

**Podes compartirme!!**